

DA RECONSTRUCCIÓN Á METALURXIA

A XORNALISTA OLALLA COCIÑA E O CRÍTICO ALFREDO FERREIRO PUBLICAN DOUS SALIENTABLES POEMARIOS NO SELO ESPIRAL MAIOR

Galardoadado no premio de poesía Fiz Vergara Vilarinho publicouse, hai algunhas datas, o *Libro de Alicia*, que vén da man da poeta e xornalista viveirense Olalla Cociña; volume que, ademais, foi finalista do premio que anualmente convoca a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

O poemario, partillado en dous bloques, resulta unha proposta moi interesante que cobra forma a través de infaxes dotadas de alto poder efectivo, dun bo número de alegorías e dun envexable rexistro idiomático. Nel, a través da figura de Alicia, un personaxe deseñado con intensidade —rexo, afouto mais tamén comprensivo e próximo, con personalidade de seu—, artículase un exercicio lírico que bebe na fabulación, mais tamén da memoria familiar para afondar, a través dunha efectiva e moi rendible pluralidade de perspectivas, na reconstrución dun universo rural que xa foi, sentimental e real, mais ben alleo ao topicismo ou ao costumismo, desde o que se proxectan aínda feridas, presenzas, ecos e experiencias cara á actualidade e onde, á conclusión, todo retorna ao comezo.

Un libro, ao meu ver, de derrotas, exilios, extenuacións e

perdas: un percorrido por un territorio escuro que deriva con fortuna, na segunda parte titulada «Tobogán de raíces», cara á denominada poesía da experiencia, se se quer da vivencia, na que combina unha ollada ao telúrico e ao que se descobre co reflexo dos estragos e dunha memoria que se disloca, focalizando así, con moita forza, esa evocación ou redeseño de Alicia, da muller, mais tamén dun bo número de mulleres que protagonizan ao cabo, nunha «lentura ancestral», unha insubmisia historia de amor e desamor.

METAL CENTRAL

Tras certo tempo de silencio editorial —o seu último libro poético foi *A cidade engrinaldada* (1997)— o crítico Alfredo Ferreiro (responsable tamén do visitado blog *O levantador de minas*) retorna, ao meu ver con fortuna, ao primeiro plano da actividade lírica cun singular poemario baixo o título de *Metal central*.

Singular, como ben se encarga de subliñar nun limiar de lectura obrigada a cargo de Xosé María Álvarez Cáccamo, pois a dinámica á que nos empurra a súa lectura, ateigada de imaxes, referencias,


O «Libro de Alicia» é un percorrido por un territorio escuro que deriva con fortuna cara á poesía da experiencia

Resoan en «Metal central» desacougantes estrondos metálicos e maquinistas, reflexións sobre o transcorrer temporal e a soidade

terminoloxía ou vivencias tiradas do ámbito da metalurxia, non resulta nada común e velaí, sen dúbida, un dos elementos máis atractivos desta entrega: consecuencia dunha experiencia laboral do autor neste universo conformase unha entrega de inequívoca orientación simbólica que vai alén do que se entende nunha primeira lectura: o substantivo agroma e vai converterse en metáfora da vida a través dunha serie limitada, pero intensa, de composicións poéticas, perfectamente encadradas entre o poema inicial, «Náufrago», e o derradeiro, «Iniciación», nas que resoan os desacougantes estrondos metálicos e maquinistas, percibindo ao tempo outras sensacións que harmonizan con reflexións sobre o transcorrer temporal, a soidade ou a deshumanización.

Quen lean este *Metal central* atoparán, ademais, rabuñazos filovanguardistas, relampos irónicos, conexións imaxinísticas entre cine e literatura, mitos lembrados ou historias como as de Xonás..., que contribúen poderosamente a erixir un todo marcado pola singularidade dun mundo fabril peculiar, desde agora moito máis próximo e accesible.


Ramón Nicolás



POESÍA

«Libro de Alicia»

Olalla Cociña Lozano, Ed. Espiral Maior. 58 páxinas. 15 euros ***



POESÍA

«Metal central»

Alfredo Ferreiro, Ed. Espiral Maior. 45 páxinas. 15 euros ***